

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 28 DE SETEMBRO DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 8:41 horas do día 28 de setembro de 2012, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Painceiras, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, dona Rita María Couto Sejido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asistiron os/as concelleiros/as: dona Rocío Aurora Bertoa Puente, don Iván Puentes Rivera e don Juventino José Trigo Rey.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas.

Interventor accidental:

Dona M^a Milagros López Álvarez.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

PUNTO PRIMEIRO.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN.

Toma a palabra o alcalde que xustica a urxencia da sesión na necesidade de presentar a solicitude do Plan DTC 94 antes do 30.9.2012 na Deputación Provincial.

De seguido intervéñe o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que dá ao equipo de goberno á benvinda " ao clube", lembrándolle ao equipo de goberno as críticas que facían dende a oposición aos partidos gobernantes cando actuaban deste xeito e tendo presente que este plan xa estaba convocado dende hai 3 meses. Non obstante, anuncia que van votar a favor da urxencia porque o equipo de goberno preocupouse porque os proxectos estiveran.

O voceiro do grupo socialista, don Antón Lois Noceda Carballo, toma a palabra e di que comparte a visión do voceiro do BNG.

Sometido o asunto a votación, a urxencia da sesión é aprobada pola unanimidade dos concelleiros.

PUNTO SEGUNDO.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DTC 94.

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía:

<< PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vistas as bases reguladoras do " Plan DTC 94: Unha Deputación para todos os concellos" aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña o 27.7.2012, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1º) Participar no "Plan DTC 94 Unha deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e suministros:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
AGLOMERADO DO CAMIÑO DE SOUTO DA RIBEIRA E DA RÚA DO POETA PÉREZ PARALLE EN MANIÑOS	41.530,81 € (IVE incluído)	0,00€	41.530,81 €
ADECUACIÓN DE EQUIPAMENTO EN 6 PARQUES INFANTÍS EN FENE E OUTROS	37.168,88 € (IVE incluído)	0,00€	37.168,88 €
T O T A L	78.699,69 €	0,00 €	78.699,69 €

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

B) Financiamento do gasto corrente do concello da anualidade 2012

Concello	Cantidade asignada neste plan que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2012	Achega POS 2012 de gasto corrente	Outras achegas
Fene	132.887,20 €	0,00 €	0,00 €

C) Resumo

	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS	78.699,69 €	0,00 €	0,00 €	78.699,69 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	132.887,20 €	497.703,41 €	0,00 €	630.590,61 €
TOTAL	211.586,89 €	497.703,41 €	0,00 €	709.290,30 €

2º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

3º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

4º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Fene, 27 de setembro de 2012

O alcalde
Gumersindo P. Galego Feal >>

Intervén o alcalde para dicir que había outros proxectos a incluír como a instalación eléctrica no campo de fútbol de Piñares, que non puido incluírse por varias deficiencias no proxecto, a realización dunha nova porta no concello, a rede wifi ou a reparacións no colexio dos Casais, que non obstante tentábase facer con gasto corrente ou remanente de tesorería, de ser posible.

Sometida a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, esta é aprobada pola unanimidade dos concelleiros presentes.

Iníciase o turno de debate coa intervención do voceiro do grupo socialista que anuncia que o seu grupo ten intención de facilitar a aprobación desta proposta, xa que a os proxectos que se inclúen son xa propostas do anterior goberno inda que os proxectos se tiveran que adaptar.

A continuación toma a palabra o voceiro do BNG que quere deixar claro, pedindo que conste en acta, que o seu grupo considera este plan perverso, xa que as contías coas que vén dotado perxudican ao Concello de Fene e a aqueles concellos de menos de 20.000 habitantes. Di que este plan vén a substituír ao POS, supoñendo unha baixa de 41.000 € respecto ao do ano pasado; baixa que entendería se se debiera a motivos orzamentarios, pero non acepta que se dea prioridade ao volume poboacional, primando a cidades como A Coruña, Santiago e Ferrol, cando estes plans se empregaban para favorecer aos concellos con menor poboación, que obteñen menos recursos do Estado.

Continúa dicindo que entenden que debería ter un carácter máis redistributivo, pero así o decidiu o goberno do PP na Deputación Provincial, e critica, ademais, que se destine a gasto corrente, fundamentalmente ao incremento do IVE, outra decisión máis do PP.

Non comparte que nun concello con poucos recursos como este se traspase investimento real para débeda ou gasto corrente, polo que, en definitiva, estas dúas medidas do PP provocan que Fene teña un investimento ridículo, motivo polo que anuncia a abstención do seu grupo inda que están de acordo cos proxectos propostos.

Por parte do grupo mixto, a voceira dona María Carmen Martínez Rodríguez, anuncia a súa abstención porque entende que as obras deben ser facilitadas.

Por parte do grupo do PP, toma a palabra o concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez, que di que este plan non substitúe ao POS que volverá a finais de ano, senón que é un plan complementario e a maiores.

Sometido o asunto a votación, a proposta da alcaldía queda aprobada por maioría simple de 5 votos a favor do grupo do PP e 9 abstencións, 4 do grupo socialista, 4 do BNG e 1 do grupo mixto.

PUNTO TERCEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE PAGAMENTO DO 4º CONCURSO DE TAPAS DO CONCELLO DE FENE.

Consta no expediente informe da intervención- reparo núm 8/2012 no que se fiscaliza providencia da alcaldía de 11.9.2012.

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía de data 19.9.2012 que foi ditaminada favorablemente na Comisión de Facenda e Promoción Económica realizada en sesión ordinaria celebrada en data 24 de setembro de 2012:

<< PROPOSTA DA ALCALDÍA

Do 24 de marzo ó 16 de abril do 2011 tivo lugar o 4º concurso de tapas do Concello de Fene.

Previamente, o 21 de febreiro do 2011 chegouse a un acordo con Aplomo Comunicación para que se encargara de desenvolver o citado concurso.

O 5 de setembro do 2012 emítese informe por parte da axente de emprego e desenvolvemento local, Mª Belén Souto Calvete, en relación aos premios do 4º concurso de tapas de 2011.

En dito informeponse de manifesto que Aplomo Comunicación non fixo efectivos os premios ós que debía facer fronte, así como que en diversas ocasións houbo contactos coa empresa, o último o 22 de novembro do 2011, data a partir da cal perdeuse todo contacto coa empresa. No último contacto,

a empresa sinalou que estaba a xestionar o pago dos premios. O 23 de febreiro do 2012, esta Alcaldía, requiriu a empresa Aplomo Comunicación que se fixera cargo das súas obrigas, non recibindo a notificación ó atoparse ausente.

Os premios corresponden ó exercicio 2011, polo que para poder facer fronte ós mesmos no ano 2012 debe realizarse a través dun recoñecemento extraxudicial de créditos. O recoñecemento extraxudicial de créditos correspóndelle ó Pleno do Concello de conformidade coa base 31ª das BEO do exercicio 2012.

Visto o informe da Interventora accidental do 19 de setembro do 2012.

A competencia para resolvelas discrepancias en relación ao reparo formulado pola Intervención municipal corresponde, de acordo co disposto no artigo 217 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, ao Pleno do Concello ó tratarse de gastos de competencia plenaria.

As persoas que se propoñen como beneficiarios dos premios do 4º concurso de tapas do ano 2011 participaron no mesmo, o cal foi organizado polo Concello que debe axustar a súa actuación, entre outros, ó principio de boa fe. Polo tanto, trátanse de abonar os premios do 4º concurso de tapas que organizou o Concello ós que participaron nel e lexitimamente gañaron, sen prexuízo de corrixir os defectos postos de manifesto nas futuras edicións.

Tendo en conta o sinalado, esta Alcaldía propón que o Pleno do Concello adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo da Intervención municipal nº 8/2012 de 19 de setembro do 2012 en base ás consideracións sinaladas na parte expositiva da presente resolución.

SEGUNDO.- Aprobalo recoñecemento extraxudicial de créditos nº 6/2012 por un importe total de 1.000 €.

TERCEIRO.- A aprobación dos gastos que a continuación se relacionan con cargo á aplicación orzamentaria 432.48000.

Razón Social	Titular	NIF	Importe (€)
Cafetería Lembranza	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX	400,00
Restaurante Xavier Amor	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX	225,00
Restaurante Mundial	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX	200,00
Cafetería CMI Unidade de Fene	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX	100,00
Café Bar Bombay	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX	25,00
O Son de Cociña	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX	25,00
O Torreón	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX	25,00

Fene, 19 de setembro do 2012

O alcalde,
Gumersindo Pedro Galego Feal >>

Toma a palabra o voceiro do grupo do BNG que anuncia a abstención do seu grupo polos mesmos motivos expostos na Comisión de Facenda e Promoción Económica.

Non habendo máis intervencións, o asunto é sometido a votación sendo aprobado por maioría simple de 5 votos a favor do grupo do PP e 9 abstencións, 4 do grupo socialista, 4 do BNG e 1 do grupo mixto.

Á vista do resultado da votación o pleno acorda:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo da Intervención municipal nº 8/2012 de 19 de setembro do 2012 en base ás consideracións sinaladas na parte expositiva da presente resolución.

SEGUNDO.- Aprobalo recoñecemento extraxudicial de créditos nº 6/2012 por un importe total de 1.000 €.

TERCEIRO.- A aprobación dos gastos que a continuación se relacionan con cargo á aplicación orzamentaria 432.48000.

Razón Social	Titular	NIF	Importe (€)
Cafetería Lembranza	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX	400,00
Restaurante Xavier Amor	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX	225,00
Restaurante Mundial	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX	200,00
Cafetería CMI Unidade de Fene	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX	100,00
Café Bar Bombay	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX	25,00
O Son de Cociña	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX	25,00
O Torreón	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX	25,00

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 8:51 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas